

ACTA NÚMERO: 20/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 14 DE XUÑO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 14 de xuño de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 6 de xuño de 2024 (Reunión 19/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao programa "+Música 2024". (Expte.- 2024029699).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, VIONTA MUSIC S.L, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao programa "+Música 2024". (Expte.- 2024035349).*
4. *Aprobación da valoración técnica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor, presentada no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2024018839).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentada no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2024018839).*
6. *Aprobación da valoración técnica dos sobres A, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor, presentados no procedemento aberto simplificado de contratación da "Subministración dunha aplicación para a gamificación no destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa "Tourist Inside II Rías Baixas" da Deputación de Pontevedra, dentro da liña de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da rede de destinos turísticos, no marco do PRTR- financiado pola Unión Europea- Next Generation EU" (Expte. 2023041709)*
7. *Apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados no procedemento aberto simplificado de contratación do Subministración dunha aplicación para a gamificación no destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa "Tourist Inside II Rías Baixas" da Deputación de Pontevedra, dentro da liña de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da rede de destinos turísticos, no marco do PRTR- financiado pola Unión Europea- Next Generation EU (Expte. 2023041709)*
8. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento mediante poxa pública á alza do alleamento de varios vehículos da deputación ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación, destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT) (Expte.- 2023061073).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento mediante poxa pública á alza do alleamento de varios vehículos da deputación ao final da súa vida*



útil para o seu tratamento, descontaminación, destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT) (Expte.- 2023061073).

10. *Apertura electrónica dos sobres "único" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Obras menores no edificio de oficinas do Centro Vacacional da Lanzada" (Expte. 2022043085)*
11. *Apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación do "Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024" (Expte. 2024017786)*
12. *Apertura electrónica dos sobre B correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2025" (Expte. 2024017786)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 6 de xuño de 2024 (Reunión 19/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 6 de xuño de 2024 (Reunión 19/2024).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa, Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao programa "+Música 2024". (Expte.- 2024029699).

Por Resolución Presidencial número 2024004403, de data 29 de maio de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de dúas actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao programa +Música 2024, cun valor máximo estimado de 21.780,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar sociedade Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega (CIF: F15983067), a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 29/05/2024.

En data 07/06/2024, a sociedade Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega (CIF: F15983067) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:



Importe ofertado sen IVE	18.000,00 €
IVE (21 %)	3.780,00 €
Importe ofertado con IVE	21.780,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Sociedade Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega (CIF: F15983067), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de dúas actuacións do grupo Guadi Galego con cargo ao programa +Música 2024.

3. Dar conta da oferta presentada pola empresa, VIONTA MUSIC S.L., no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao programa “+Música 2024”. (Expte.- 2024035349).

Por Resolución Presidencial número 2024004879, de data 11 de xuño de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao programa +Música 2024, cun valor máximo estimado de 39.930,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar empresa Vionta Music, S.L. (CIF: B56949043), a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 11/06/2024.

En data 12/06/2024, a empresa Vionta Music, S.L. (CIF: B56949043) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	33.000,00 €
IVE (21 %)	6.930,00 €
Importe ofertado con IVE	39.930,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Vionta Music, S.L. (CIF: B56949043), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo Roi Casal con cargo ao programa +Música 2024.

4. Aprobación da valoración técnica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor, presentada no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de



Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2024018839).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión de data 10 de maio de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de maio de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación, na sesión do día 30 de maio de 2024, procedeu á apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, e declarou admitida á seguinte empresa:

- RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791)

A continuación, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e acordou remitir dita documentación ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas para a súa valoración.

Os técnicos do Servizo de Turismo Rías Baixas, con data 14 de xuño de 2024, emitiron o referido informe de valoración (CSV: WCIQM34L2UHO52N6), co seguinte resultado:

RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791)	
SOBRE B	
1. Requisitos técnicos da plataforma e modelo de datos semántico (ata 20 puntos).	18
a) Análise e consultaría inicial, ata 6 puntos	6
b) Implementación da ontoloxía e grafo de coñecemento, ata 7 puntos.	5
c) Características e funcionalidades da plataforma semántica, ata 7 puntos.	7
2. Asistente conversacional (ata 11 puntos).	6
a) Implementación do asistente conversacional, ata 6 puntos.	3
b) Integración do asistente conversacional, ata 5 puntos.	3



3. Consultoría do Data Lake e IoT (ata 7 puntos).	2
4. Plan de traballo (ata 7 puntos).	6
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 45 puntos)	32

A Mesa de Contratación acorda:

Prestar conformidade ao informe de valoración dos Técnicos do Servizo de Turismo Rías Baixas, de 14 de xuño de 2024 (CSV: WCIQM34L2UHO52N6), e, en base ao mesmo, outorgar á empresa que resulta admitida no procedemento aberto seguido para a contratación do *Servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*, as puntuacións acadadas no referido informe, co seguinte resultado:

Empresas	Puntuación sobre B
RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791)	32,00 puntos

- 5. Apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentada no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.-2024018839).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa das puntuacións acadadas no sobre B, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, polas empresas que resultaron admitidas, respecto ao procedemento convocado para a contratación do *servizo de adaptación do modelo de datos á norma UNE178503 e implantación dunha plataforma semántica e asistente conversacional, dentro de liña de axudas para Transformación dixital de destinos turísticos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*:

Empresas	Puntuación sobre B
----------	--------------------



RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791)

32,00 puntos

Así mesmo comenta que a presentación de ofertas realizouse na plataforma de licitación electrónica VORTAL, que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital, que se emprega para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliada mediante criterios automáticos, presentados polas empresas admitidas que acadaron o 50% da puntuación máxima asignable na documentación avaliada mediante xuízos de valor (45,00 puntos).

O valores ofertados foron os seguintes:

RIAM INTELEARNING LAB, S.L. (CIF: B26332791)

1. Prezo total ofertado:

- Importe sen o IVE: 166.050,00 €
- IVE (21%): 34.870,50 €
- Importe total ofertado: 200.920,50 €

2. Redución do prazo de execución dos traballos ofertado: 1 mes.

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha das ofertas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións, en aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa, á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse, e dos informes técnicos que se considere necesario solicitar.

6. Aprobación da valoración técnica dos sobres A, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliada mediante criterios de xuízo de valor, presentados no procedemento aberto simplificado de contratación da “Subministración dunha aplicación para a gamificación no destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa “Tourist Inside II Rías Baixas” da Deputación de Pontevedra, dentro da liña de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da rede de destinos turísticos, no marco do PRTR- financiado pola Unión Europea- Next Generation EU” (Expte. 2023041709).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante Resolución Presidencial de data 20 de maio de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante



procedemento aberto simplificado, da creación dunha aplicación para a gamificación no Destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa Tourist Inside II Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, dentro da liña de axudas para a transformación dixital de destinos turísticos, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de maio de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación, na reunión de data 6/06/2024, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e á documentación avaliable mediante criterios que precisan xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da creación dunha aplicación para a gamificación no Destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa Tourist Inside II Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, dentro da liña de axudas para a transformación dixital de destinos turísticos, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation. (Expte.- 2023041709), sendo o único licitador presentado e admitido o seguinte:

- byAR, Lda. (CIF: 513427830)

As Técnicas do Servizo de Turismo Rías Baixas, Amanda Yanín Sartier Saburido e Vanesa Diz González e o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, Damián Rey Rodríguez, con data 11 de xuño de 2024 emitiron un informe conxunto relativo a valoración da documentación técnica presentada pola empresa, byAR, Lda. (CIF: 513427830), figurando a empresa admitida co seguinte resultado:

Empresa licitadora	Byar, Lda.
Criterios de valoración	
1. Deseño da mascota dixital	7,00
2. Deseño de obxectos dixitais	3,00
3. Módulo de recompensa	2,00
4. Modo de xogo	4,00
5. Arquitectura técnica	1,00
6. Demostración práctica da solución proposta	20,00
TOTAL	37,00



A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto emitido con data 11 de xuño de 2024, polo persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas, Amanda Yanín Sartier Saburido e Vanesa Diz González e polo Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, Damián Rey Rodríguez, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas pola única empresa presentada e admitida no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dunha aplicación para a gamificación no destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa “Tourist Inside II Rías Baixas” da Deputación de Pontevedra, dentro da liña de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da rede de destinos turísticos, no marco do PRTR- financiado pola Unión Europea- Next Generation EU.

7. Apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados no procedemento aberto simplificado de contratación do Subministración dunha aplicación para a gamificación no destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa “Tourist Inside II Rías Baixas” da Deputación de Pontevedra, dentro da liña de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da rede de destinos turísticos, no marco do PRTR- financiado pola Unión Europea- Next Generation EU (Expte. 2023041709)

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada no sobre “A” pola única empresa presentada e admitida no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dunha aplicación para a gamificación no destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa “Tourist Inside II Rías Baixas” da Deputación de Pontevedra, dentro da liña de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da rede de destinos turísticos, no marco do PRTR- financiado pola Unión Europea- Next Generation EU, que é a seguinte:

Empresa licitadora	Byar, Lda.
Criterios de valoración	
1. Deseño da mascota dixital	7,00
2. Deseño de obxectos dixitais	3,00
3. Módulo de recompensa	2,00
4. Modo de xogo	4,00
5. Arquitectura técnica	1,00
6. Demostración práctica da solución proposta	20,00
TOTAL	37,00

A continuación o Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios de valoración automática presentado pola única empresa admitida no citado procedemento aberto simplificado, a cal acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

A oferta presentada por byAR, Lda. é a seguinte:

1.1 Prezo ofertado implantación e desenvolvemento:

Importe sen o IVE: 69.434€

IVE (21 %): 14.581,14 €

Importe total ofertado: 84.015,14 €

**O prezo ofertado para a implantación e o desenvolvemento non pode superar o orzamento base de licitación determinado para este concepto, sen o IVE, sendo este importe de 74.260,00€.*

1.2. Prezo ofertado soporte e mantemento (24 meses):

Importe sen o IVE: 4.904 €

IVE (21 %): 1.029,84 €

Importe total ofertado: 5.933,84€

**O prezo ofertado para a prestación dos servizos de soporte e mantemento non pode superar o orzamento base de licitación determinado para este concepto, sen o IVE, sendo este importe de 5.740,00€.*

2. Redución prazo de execución dos traballos ofertado (sinale cunha X):

Non oferta redución	
1 semana	
2 semanas	X
3 semanas	
1 mes	

As puntuacións obtidas na valoración dos criterios dos sobres “B” son as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	byAR, Lda
-------------------------	-----------



1.1 Prezo ofertado para a implantación e desenrolo (ata un máximo de 40 puntos).	12,998 puntos
1.2 Prezo ofertado para os servizos de soporte e mantemento (ata un máximo de 9 puntos).	6,554 puntos
2. Redución do prazo de execución do traballo (ata un máximo de 6 puntos).	3,000 puntos
TOTAL PUNTUACIÓNS SOBRE B	22,552 puntos

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da *subministración dunha aplicación para a gamificación no destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa "Tourist Inside II Rías Baixas" da Deputación de Pontevedra*, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	ByAR, Lda. (CIF: 513427830)	37	22,552	59,552

- 2) Propor ao órgano de contratación, nesta caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dunha aplicación para a gamificación no destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa "Tourist Inside II Rías Baixas" da Deputación de Pontevedra" á empresa ByAR, Lda. (CIF: 513427830) que acada a mellor puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado, e de acordo co seguinte detalle:

1. Prezo ofertado:

1.1 Prezo ofertado implantación e desenrolo:

Importe sen o IVE	69.434,00€
IVE (21 %)	14.581,14 €
Importe total ofertado	84.015,14 €

1.2. Prezo ofertado soporte e mantemento (24 meses):

Importe sen o IVE	4.904,00 €
--------------------------	------------



IVE (21 %)	1.029,84 €
Importe total ofertado	5.933,84€

2. Redución prazo de execución dos traballos ofertado: 2 semanas

A Mesa de Contratación comproba que a empresa byAR, Lda. (CIF: 513427830) figura inscrita no *Certidão Permante Registo Comercial*, estando debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

- 3) Facúltase ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa byAR, Lda. (CIF: 513427830) mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contando dende o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre o que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 3.716,90 euros.
- 4) Que de no cumprirse axeitadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta e, procederese nese caso, a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

8. **Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento mediante poxa pública á alza do alleamento de varios vehículos da deputación ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación, destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT) (Expte.- 2023061073).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial 2024004289 aprobouse o expediente do procedemento para levar a cabo, mediante poxa pública á alza, o "Alleamento de varios vehículos da deputación ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación, destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24/05/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma coas súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descifrado e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- AUTOMOCIONES CATOIRA (NIF: B36331205)
- AUTOMÓVILES A FILGUEIRA S.L (NIF: B36277291)
- GOLPECAR S.L.U. (NIF: B36432169)
- ESTRUCTURAS Y RECICLADOS ZAMORA S.L (NIF: BB49277817)

9. *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento mediante poxa pública á alza do alleamento de varios vehículos da deputación ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación, destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT) (Expte.- 2023061073).*

A Mesa de Contratación na reunión do día 14 de xuño de 2024 efectuou a apertura dos sobres “A”, do procedemento mediante poxa pública à alza do alleamento de varios vehículos da Deputación ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación e destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT), sendo as empresas e empresarios admitidos os seguintes:

- AUTOMOCIONES CATOIRA S.L (NIF: B36331205)
- AUTOMÓVILES A FILGUEIRA S.L (NIF: B36277291)
- GOLPECAR S.L.U. (NIF: B36432169)
- ESTRUCTURAS Y RECICLADOS ZAMORA S.L (NIF: B49277817)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma coas súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descifrado e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente á



documentación available mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

EMPRESA	OFERTA
AUTOMOCIONES CATOIRA S.L (NIF: B36331205)	1.350,00 €
AUTOMÓVILES A FILGUEIRA S.L (NIF: B36277291)	1.250,00 €
GOLPECAR S.L.U (NIF: B36432169)	2.200,00 €
ESTRUCTURAS Y RECICLADOS ZAMORA S.L (NIF: B49277817)	2.284,79 €

A continuación, de conformidade co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, procedeuse á valoración das ofertas económicas, obtendo o seguinte resultado:

EMPRESA	OFERTA	PUNTUACIÓN
AUTOMOCIONES CATOIRA S.L (NIF: B36331205)	1.350,00 €	9,66 puntos
AUTOMÓVILES A FILGUEIRA S.L (NIF: B36277291)	1.250,00 €	0,00 puntos
GOLPECAR S.L.U (NIF: B36432169)	2.200,00 €	91,81 puntos
ESTRUCTURAS Y RECICLADOS ZAMORA S.L. (NIF: B49277817)	2.284,79 €	100 puntos

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento convocado para levar a cabo a poxa pública de varios vehículos da Deputación ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación e destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT), que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA	PUNTUACIÓN
1ª	ESTRUCTURAS Y RECICLADOS ZAMORA S.L. (NIF: B49277817)	100 puntos
2ª	GOLPECAR S.L.U (NIF: B36432169)	91,81 puntos
3ª	AUTOMOCIONES CATOIRA S.L (NIF: B36331205)	9,66 puntos



4ª	AUTOMÓVILES A FILGUEIRA S.L (NIF: B36277291)	0,00 puntos
----	--	-------------

2. Propor ó órgano de contratación, a adxudicación do procedemento convocado para levar a cabo a poxa pública de varios vehículos da Deputación ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación e destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT), á empresa, ESTRUCTURAS Y RECICLADOS ZAMORA S.L. (B49277817) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado (sen IVE (1)) 2.284,79 €

(1): IVE: Operación con inversión do suxeito pasivo conforme Art. 84 (Uno.2º.c) da Lei 37/1992 do IVE.

10. Apertura electrónica dos sobres "único" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Obras menores no edificio de oficinas do Centro Vacacional da Lanzada" (Expte. 2022043085).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024004153 de data 20/05/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato de obras "Obras menores no edificio de oficinas do Centro Vacacional da Lanzada".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21/05/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de



validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentou oferta a seguinte empresa:

- AREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.U.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.U.	38.000,00 €	3%	36 MESES	NON	NON

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo da única oferta económica presentada e admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración da oferta da empresa, AREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.U., obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.U.	43,45	10,00	10,00	0,00	63,45

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación da única oferta presentada e admitida no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra "*Obras menores no edificio de oficinas do Centro Vacacional da Lanzada*", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.U.	63,45



2. Propor ó órgano de contratación, nesta caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Obras menores no edificio de oficinas do Centro Vacacional da Lanzada*” á empresa ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.U., (C.I.F.- B70533757) por un importe de 45.980,00 euros, IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	38.000,00 €
IVE (21%)	7.980,00 €
Importe Total	45.980,00 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.U., (C.I.F.- B70533757) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditando a tenor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial. A Mesa de Contratación comprobou a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.U., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación.

1. Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica

A) Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

A acreditación deste requisito realizarase como regra xeral mediante un certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou coa



aportación do resumo da declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390).

Cando o licitador/a sexa unha entidade que non estea obrigada a realizar declaración do IVE, eses porcentaxe deberá reflectirse, por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

B) Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar os seguintes documentos:

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

Nota aclaratoria: Para o cómputo dos cinco últimos anos, considerarase como data de inicio ou “dies ad quo” o mesmo día e mes que o da data final do prazo de presentación de ofertas.

2. Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
 - Xefe de Obra, con titulación de arquitecta/o, arquitecta/o técnica/o, enxeñeira/o ou enxeñeira/o técnica/o ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
3. Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 1.900,00 €.

11. Apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación do “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024” (Expte. 2024017786).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria de data 3 de maio de 2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “+ Benestar 2024”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea o día 3 de maio de 2024, aparecendo publicado en data 6/05/2024. Así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5/05/2024, e tamén publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de maio de 2024, modificouse o prego administrativo co csv D0TTDERHZSLO3SP9, substituindo o prego anterior co csv F2G4HN72NDX6ALFH e concedendo unha ampliación do prazo de presentación de ofertas de 7 días naturais.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir a seguinte empresa:

- VIAJES HALCON S.A. (A-10005510)

12. Apertura electrónica dos sobre B correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2025” (Expte. 2024017786)



A Mesa de Contratación, na reunión do 14/06/2024, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “+ BENESTAR 2024”, sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

- VIAJES HALCON S.A. (A-10005510)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios avaliáveis mediante fórmulas.

A oferta presentada por VIAJES HALCÓN S.A. é a seguinte:

- 1. Precio unitario ofertado por persona participante en el Programa de pernoctación para cada uno de los 7 establecimientos y categoría de los establecimientos:**

NOMBRE DEL ESTABLECIMIENTO		Categoría del establecimiento	PRECIO UNITARIO POR PERSONA
1	Gran Talaso Hotel Sanxenxo	4 * sup	425 €
2	Balneario de Mondariz	4 * sup	420 €
3	Hotel Carlos I Silgar	4* sup	420 €
4	Talaso Hotel Louxo La Toja	4*	390€
5	Hotel Spa Norat Torre do Deza 4****	4*	360 €
6	Hotel Spa Galatea	4*	350 €
7	Hotel Nuevo Astur Spa	3*	333 €

Nota importante: la empresa deberá ofertar hasta 7 establecimientos. El precio unitario ofertado por cada establecimiento no podrá superar el precio unitario de licitación 414,65€.

- 2. Promoción y difusión del programa: señalar con x Anuncios en prensa de ámbito provincial:
8 anuncios: **X****



Cuñas de radio en emisoras de ámbito provincial:

80 cuñas de radio: **X**

Nota: señalar con un x solo una de las dos opciones a elegir en cada caso.

3. Antigüedad de los autobuses o medios de locomoción empleados

Antigüedad inferior a 3 años:

Antigüedad mayor de 3 e inferior a 4: **X**

Antigüedad mayor de 4 e inferior a 4:

Antigüedad mayor de 5 años:

4. Actividades complementarias a mayores de las dos exigidas.

3 actividades:

4 actividades:

5 actividades: **X**

NOTA: La empresa deberá acercar una memoria explicativa de la actividad, el programa, la duración y perfil de la persona que la imparta que deberá ser animador/la de ocio y tiempo libre o equivalente, junto con el Anexo I.

No caso de no acercar esta memoria justificativa no se valorará el criterio.

5. Oferta de tratamientos complementarios gratuitos, a mayores del mínimo exigido.

Oferta tres tratamientos gratuitos a maiores: **X**

NOTA: La empresa deberá acercar una memoria explicativa de los tratamientos complementarios a los terapéuticos ofertados por cada establecimiento, entre los que se podan ofertar: masajes corporales, sauna, ventas frías, presoterapia, envolvimientos con parafangos, calor local, pediluvios, relajante poda, ducha circular, jacuzzi, activación muscular y circular en la piscina.

No caso de no acercar esta memoria justificativa no se valorará el criterio.

6. Aumento del número de guías oficiales por queda y establecimiento respecto al mínimo exigido. Señalar con un x

Ofertan 2 guías: **X**

7. Ofertan de una póliza de asistencia en viaje para los/las asistentes al programa, con las coberturas que se detallan a continuación: señalar con un x

Ofertan la póliza con las coberturas mínimas indicadas: **X**



Gastos médicos o quirúrgicos por enfermedad o accidente.

Sen límite en centros concertados da aseguradora, con límite de 1.800 € en centros de libre elección.

Gastos odontolóxicos y urgencia: Mínimo 30 €.

Transporte sanitario de personas heridas y enfermas: añadido

Desplazamientos de acompañantes en caso de hospitalización de la persona asegurada por un período superior a 5 días.

Alojamiento de acompañantes en caso de hospitalización de la persona asegurada por un período superior a 5 días

Servicio 24 horas: añadido

Traslado de la asegurada fallecida: añadido.

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar a oferta en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións, en aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa, á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse, e dos informes técnicos que se considere necesario solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e dez minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

